

CARLOS CASARES
(1942-2002)

A morte de Carlos Casares deixounos en soidade non só ós seus amigos, senón tamén á sociedade galega enteira. E non só no ámbito da galeguidade, senón tamén, e poida que de xeito especial, nas outras culturas ibéricas para as que Carlos Casares serviu tantas veces de ponte e de apertura.

Carlos Casares foi o derradeiro escritor galego que viviu en condición discipular directa con Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco, dúas figuras fundamentais da Xeración Nós, que entre 1920 e 1936 iniciou os contactos cos movementos de vangarda na Europa de entreguerras. Otero, e Risco de maneira especial, foron os seus mestres, pero quen exerceu sobre Casares un

influxo máis directo foi Ramón Piñeiro. A relación con Piñeiro foi esencial para a confirmación da conciencia galeguista de Casares, e, en xeral, para toda a primeira promoción de posguerra.

A obra de Casares foi abundante e diversa. Narrador (*Vento ferido*, 1967; *Cambio en tres*, 1969; *Xoguetes pra un tempo prohibido*, 1975; *Os escuros soños de Clío*, 1979; *Ilustrísima*, 1980; *Os mortos daquel verán*, 1987; *Deus sentado nun sillón azul*, 1996; *O sol do verán*, 2002), ensaísta (*Un país de palabras*, 1998; *Hemingway en Galicia*, 1999), investigador que centrou o seu labor nos mestres da Xeración Nós, cos que conviviu e ós que tratou nunha relación fonda e fecunda. As biografías e estudos críticos que sobre Risco e Otero escribiu Casares son fundamentais para un coñecemento *cabeato* das letras e a política galegas de entre guerras. Tamén o son os seus libros de conversas con Ánxel Fole e con Piñeiro. Foi tamén Casares un traductor ao galego de obras considerables do francés, inglés e sueco, e cultivador da literatura para nenos, que foi para el unha vocación á que non puido adicar todo o tempo que desexou.

A parte da súa obra de escritor, abundantísima e brillante, Carlos centrou o seu esforzo en dinamizar a vida cultural galega e proxectala cara ó exterior. A súa relación directa con escritores casteláns, cataláns e vascos, e o seu coñecemento de linguas e de xentes de relevancia na vida editorial europea, abriron pontes cara á difusión das letras galegas. Non é doado establecer o índice dos postos ós que Carlos Casares foi chamado neste esforzo de dinamización cultural. Académico de número da Real Academia Galega desde 1978; director da Editorial Galaxia desde 1985; presidente do Consello da Cultura Galega —o máximo organismo de orientación cultural do país— desde 1996, a súa presenza en institucións, a participación xenerosa e eficaz en todas cantas xuntanzas culturais se celebraron en Galicia nos últimos trinta anos, sinalaron de xeito decisivo o seu labor no noso ámbito cultural. Home de diálogo, aberto a todos, pero cunhas conviccións inabalables na liña do galeguismo non nacionalista que marcou Ramón Piñeiro, Casares estableceu relacións fecundas con tódolos grupos políticos, cun intento, tamén inequívocamente na liña de Piñeiro, de galeguizar os partidos nacionais con presenza en Galicia máis que de crear un partido galeguista en loita electoral permanente cos outros grupos.

Gañou tódolos premios literarios que en Galicia se conceden: o Premio «Galaxia» por *Xoguetes nun tempo prohibido*, en 1976; o «Otero Pedrayo», en 1977, polo seu estudio da vida e obra do gran escritor do Grupo Nós; o Premio «Losada Diéguez», en 1987, por *Os mortos daquel verán*; o Premio da Xunta de Galicia á Creación Literaria, en 1989; o «Julio Camba» de xornalismo, no 1995, e moitos máis.

Casares foi tamén un inmenso narrador oral, un conversador que amenizou e deu contido a tertulias sen fin, un creador coa palabra. Poida que unha parte importante da súa obra non a poidamos ler endexamais: era literatura de viva voz, excepcionalmente creativa. Na súa colaboración diaria no xornal coruñés *La Voz de Galicia* —serán moitos centos de páxinas cando se publiquen os seus artigos— forneceu reflexións sobre temas polémicos da cultura galega e universal, contou anécdotas e deixou a súa memoria viva de cada día nun traballo xigantesco só en parte publicado en libro.

Persoalidade dialogante lonxe de calquera dogmatismo, home fundamente galego, cunha inmensa cultura que se reflexa nas edicións críticas que preparou e, singularmente na da obra de Curros Enríquez, que pon en relación coa poesía de Hugo, de Guerra Junqueiro e, en xeral, coa liña política e o realismo social europeo do seu tempo. Carlos Casares deixa un baleiro tráxico.